

## COMISIÓN DE PERSOAL / MESA SECTORIAL

Santiago de Compostela 22/01/24

### COMISIÓN DE PERSOAL PROCESOS SELECTIVOS LIBRE E PROMOCIÓN INTERNA

Proposta de resolución polas que se convocan os procesos selectivos seguintes:

- **Acceso Libre e PI, polo sistema de oposición:**
  - Veterinarios/as
- **Acceso Libre e PI, polo sistema de concurso-oposición:**
  - Veterinarios/as
- **Acceso Libre e PI:**
  - Biólogos/as
  - Escala Superior de Finanzas
  - Médicos/as
  - Inspección Turística
  - Enfermería
  - Educador/a Social
  - Subinspección urbanística
  - Escala Técnica de Finanzas
  - Educador/a Infantil
  - Persoal de Servizos Xerais (PSX)
  - Auxiliar de Laboratorio
  - AP (Discapacidade Intelectual)

#### Cambios nas bases, anunciados polo Director Xeral:

- Nos procesos de promoción interna permítese a participación do persoal laboral fixo do grupo inmediatamente anterior (PI Vertical), así como do persoal funcionario tanto da administración xeral como especial.
- Actualízanse as bases no relativo á devolución de taxas, para adaptalas á normativa vixente, en concreto engádese que o aspirante que o desexe e que participe en dous procesos selectivos da mesma escala, poderá solicitar a renuncia a participar no segundo proceso e a devolución da taxa do segundo dos procesos no que estea admitido, en todo caso antes de que realice ningún dos exercicios dese segundo proceso.
- Os procesos non se realizarán antes dos 9 meses dende a publicación da convocatoria, excepto os de Finanzas que o farán non antes dos 4 meses.
- Nos procesos de persoal veterinario elimínase a simultaneidade de realización dos procesos de libre e o de concurso-oposición.
- Nos procesos de Finanzas:
  - O proceso selectivo constará de fase de oposición e de superación de curso selectivo eliminatorio de 100hs lectivas que se realizará na EGAP, aquelas persoas que non superen o curso poderán incorporarse ao curso inmediatamente posterior coa puntuación asignada ao último dos participantes. A resolución das prácticas establecerase nun



- momento posterior e parte do curso poderá consistir en realización de prácticas no centro de traballo.
- Conservase, tanto para A1 como para A2 de Finanzas, os exames aprobados no proceso inmediatamente anterior.
  - En Finanzas A2:
    - Redúcese o temario para a PI na Parte I que serán 29 temas fronte aos 50 iniciais.
    - No temario da parte II, modifícanse os temas 27, 38 e 39
  - En Finanzas A1:
    - Nas prazas de PI modifícanse os temas: 15, 91 e 93
    - No acceso libre elimínanse os temas: 30 e 31 da parte de dereito mercantil, o tema 15 da parte de dereito administrativo e modifícanse os temas: 81 e 83 da parte de dereito tributario.

## Sentido do voto de UGT:

### Voto en contra (salvo AP / Subalterno/a Discapacidade Intelectual)\*

UGT ratifica a súa **posición contraria**, defendida en xuntanzas previas, ao respecto do sistema de acceso proposto de **oposición libre** e ao modelo de promoción interna proposto pola Dirección Xeral da Función Pública. Entendemos que o contexto derivado da aplicación efectiva da **Lei 20/2021** fai necesario un **período de adaptación ou transición**, onde o **concurso-oposición siga sendo a modalidade de acceso preferente**.

Urxiamos en reunións previas a necesidade de saber a intención da Administración ao respecto dunha OPE extraordinaria en aplicación do artigo 217 do RDLLei 5/2023, ou ben á previsión que contén a Disposición adicional da ope de estabilización da Lei 20 ao respecto da ampliación do 10% de prazas nos procesos.

Nas opes que hoxe se traen á Comisión de Persoal, nas que posiblemente exista un déficit de prazas en determinadas escalas que debería ser tido en conta, e polo tanto non consideramos acaído a súa oferta mediante o proceso de acceso libre.

### Proceso de persoal **veterinario**:

- En Mesa Sectorial solicitamos unha serie de cambios que non se tomaron en consideración:
- Valoramos positivamente a non concorrencia dos dous procesos nun único día.
- Entendemos que a oferta das 38 prazas por concurso-oposición non resolve a problemática xerada por opes anteriores.
- Solicitabamos que o proceso de C/O sumase as 63 prazas dos anos 21 e 22, cunha fase de valoración de méritos do 30%, incluíndo puntuación por probas anteriores superadas.

### Con carácter xeral para todos os procesos, consideramos que:

- Estamos en contra da valoración diferenciada cando se separa unha proba en dous exercicios.
- Que a nota de corte se aplique co mesmo criterio para todos os procesos, incluídos os de Finanzas.
- Para os procesos de Finanzas non compartimos a proba oral.
- Requirimos a supresión do desenvolvemento de tema(s), e substituílo pola realización de suposto ou supostos prácticos con pregunta(s) de desenvolvemento curto.
- Esiximos temarios con referencias bibliográficas.



**Convocatoria de discapacidade (\*) A favor**

UGT é coñecedora de que os contidos das bases foron previamente tratados coas organizacións do ámbito da discapacidade polo que se adhíre ao documento final de conformidade proposto.

**MESA SECTORIAL DE FUNCIONARIOS PÚBLICOS****Acceso Promoción Interna**

- Sistemas e Tecnoloxía da Información
- Escala de xestión de Sistemas de informática (A2)
- Escala Superior de Finanzas
- Inspectores/as de Consumo
- Enxeñería Agronómica
- Enxeñería Industrial
- Enxeñería de Minas
- Enxeñería de Montes
- Enxeñería Técnica Agrícola
- Enxeñería Técnica de Obras
- Enxeñería Técnica Forestal

**Consideracións de UGT:**

Ao respecto da **Promoción Interna** a nosa proposta implica a participación da EGAP coa oferta ás persoas participantes nos procesos de promoción dun **curso formativo** coa súa correspondente avaliación final (apto/a ou non apto/a). Asumindo a dificultade neste intre fundamentalmente pola falla de estrutura por parte da EGAP, propoñemos a reactivación da **plataforma formativa** da EGAP coa finalidade de servir de ferramenta de preparación das probas, que en todo caso deberían seguir o **modelo** xa verificado de forma satisfactoria nos procesos de **funcionarización**, é dicir con baterías de preguntas.

**ROGOS E PREGUNTAS:**

Información facilitada pola Dirección Xeral:

- O mércores 24 de xaneiro publicase a resolución da apertura do prazo para a acreditación de méritos dos procesos da Lei 20/2021, polo sistema de concurso de méritos para os subgrupos A1 e A2. O prazo será de 10 días hábiles. Deberán presentar os participantes a documentación que non figure no FIDES. Enviarán o luns a resolución para que a revisen as OOS, e si se detectase algunha cuestión a mellorar. En semanas sucesivas iranse abrindo os seguintes subgrupos.
- Na semana do 22-27 enviaranse os buzóns de postos de elección de destino de A1 Agrónomos e A2 Técnicos Agrícolas, co fin de publicar a elección de destino. O criterio sobre as eleccións de destino é de resolución conxunta onde primeiramente elixiran A1 e en segundo lugar A2, como hai varios procesos elixírase pola antigüidade da oferta e no caso de que a oferta sexa do mesmo ano, estabilización e libre, primeiro elixirá estabilización e logo libre, neste caso todos os que aproban pola quenda de promoción interna quédanse na súa praza porque esta aberta.
- Semana do 22-27 se remitirá o buzón de prazas de elección de destino do Servizo de Gardacostas.



- Seguen traballando para poder publicar todos os procesos de concurso.
- A pregunta de **UGT** sobre a integración e RPT do CGSIB, responde que estase traballando nela, hoxe na convocatoria da comisión de seguimento informouse que se crean 33 prazas máis a raíz da aprobación do Acordo de Política Social, o que levou a inclusión no cadro actual de persoal. A RPT informa que está avanzada e que están coas adaptacións correspondentes dos niveis. Na integración falta por completar documentación.
- A pregunta de **UGT** pola interpretación de días de natureza análoga aos de asuntos particulares, dos días 24 e 31 e como total de aplicación a todo o persoal empregado público, responde que o traerá a Comisión de persoal do mércores día 24 e que probablemente leve consigo unha modificación das instrucións de permisos, vacacións e licenzas.

UGT

